



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 92  
11 de febreiro de 2021

Fascículo 2



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.4. Procedementos de información

##### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

#### Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

##### I 9790 (11/POC-001830)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre o importe total das axudas concedidas no marco do I Plan de rescate para persoas traballadoras autónomas, microempresas e hostalaría e o numero de axudas que se concederon [36470](#)

##### I 9811 (11/POC-001831)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á súa colaboración na rehabilitación e posta en valor do peirao da Covasa, na parroquia de Aguiño, no concello de Ribeira, a situación a que se atopa a súa catalogación pola Xunta de Galicia e a realización dalgunha investigación histórica ao respecto [36473](#)

##### I 9819 (11/POC-001832)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a publicación no Portal da transparencia e Goberno aberto dos informes aos que se refire o artigo 19 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno [36475](#)

##### I 9825 (11/POC-001833)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da modificación da Lei Orgánica 2/1986, de Forzas e Corpos de Seguridade, co fin de exercer de xeito exclusivo as súas competencias en materia de pesca, así como do impulso e reforzo dos medios do Servizo de Gardacostas de Galicia [36478](#)

##### I 9830 (11/POC-001834)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o orzamento destinado pola Consellería de Emprego e Igualdade á convocatoria para o ano 2021, no ámbito da colaboración coas entidades locais, das subvencións dirixidas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, así como o número de concellos e de mulleres que se van poder beneficiar desas axudas [36483](#)



**I 9835 (11/POC-001835)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre o avance que presenta o proxecto de creación do hub galego da industria audiovisual financiado cos fondos europeos REAT-UE, así como o horizonte temporal que está a valorar o Goberno galego para a súa constitución

[36485](#)**I 9837 (11/POC-001836)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre o orzamento destinado á convocatoria, para o ano 2021, das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por ese tipo de violencia

[36486](#)**I 9839 (11/POC-001837)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre o orzamento destinado á convocatoria para o ano 2021, das axudas económicas individuais de carácter periódico, de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero, así como ás axudas económicas de pago único destinadas ás vítimas que presenten especiais dificultades para obter un emprego que garanta a súa integración social

[36488](#)**I 9840 (11/POC-001838)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre a relación das entidades sociais beneficiarias das axudas concedidas con cargo ao 0,7% do IRPF para promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e loitar contra a violencia de xénero, o tipo de actuacións subvencionadas e a existencia dalgún programa dirixido a colectivos especialmente vulnerables

[36490](#)**I 9845 (11/POC-001839)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto servizo de transporte escolar que se está a prestar ás crianzas de Galicia, o estudo doutras alternativas para o seu funcionamento e as súas propostas para evitar os problemas ocasionados aos escolares e as súas familias

[36492](#)**I 9860 (11/POC-001841)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a consideración pola Consellería de Sanidade da planificación, organización e execución de cribados poboacionais

[36495](#)**I 9864 (11/POC-001842)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego para a dotación de máis recursos materiais e humanos ao servizo do 061 da comarca do Morrazo [36498](#)

**I 9870 (11/POC-001843)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o nomeamento do posto de dirección e o impulso ao proxecto do Centro Galego das Artes da Imaxe [36502](#)

**I 9877 (11/POC-001844)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas tomadas pola Consellaría do Medio Rural tendentes á erradicación e control da praga da couza guatemalteca da pataca [36509](#)

**I 9885 (11/POC-001845)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o traslado de persoas maiores afectadas pola covid-19 á residencia privada Os Gozos, da Fundación San Rosendo [36509](#)

**I 9887 (11/POC-001846)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre os proxectos que está levando a cabo a Xunta de Galicia para optar aos fondos europeos Next Generation [36511](#)

**I 9891 (11/POC-001847)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 7 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co proxecto de ampliación do polígono industrial do Corgo [36515](#)

**I 9894 (11/POC-001848)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre o recoñecemento oficial do dereito das seleccións deportivas galegas a competir internacionalmente [36518](#)

**I 9929 (11/POC-001849)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia dos recortes no servizo de limpeza do campus da Universidade de Vigo en Ourense e as repercusións sanitarias e de seguridade laboral [36521](#)

**I 9971 (11/POC-001850)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia



Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015 2020, coñecido como Plan RehaVIta [36525](#)

**I 9979 (11/POC-001851)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis**

Sobre as principais medidas que se inclúen no Pacto social pola vivenda 2021-2025 [36528](#)

**I 9980 (11/POC-001852)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, en coordinación cos diferentes colexios de avogados do territorio, dun protocolo de saúde e prevención de riscos laborais para que os letrados e as letradas da quenda de oficio poidan prestar a súa función en condicións seguras para a saúde [36531](#)

**I 9983 (11/POC-001853)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da posta en marcha da figura das áreas Rexurbe e cales son as previsións de futuro [36533](#)

**I 9989 (11/POC-001854)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a previsión pola Xunta de Galicia de convocar con urxencia, no mes de febreiro, unha reunión da comisión mixta co fin de establecer unha instrución que regule as actuacións que se deben levar a cabo nas sedes xudiciais ante esta terceira onda da pandemia [36536](#)

**I 9991 (11/POC-001855)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis**

Sobre os próximos pasos previstos pola Xunta de Galicia para o cumprimento dos convenios en materia de infraestruturas sanitarias na área de Vigo [36539](#)

**I 10006 (11/POC-001857)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Queixas Zas, Mercedes e 3 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para o cumprimento das garantías de atención sanitaria ás persoas xordas a través da dotación de servizos de interpretación de lingua de signos por parte do Sergas [36542](#)

**I 10013 (11/POC-001858)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre o volume de camas UCI que existe na actualidade en Galicia dispostas para funcionar de inmediato tendo en conta os profesionais sanitarios e as profesionais sanitarias existentes e a distribución física por áreas sanitarias [36546](#)



**I 10019 (11/POC-001859)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do traballo desenvolto polas forzas e corpos de seguridade a prol da seguridade de todos os galegos e galegas en cumprimento das normas sanitarias establecidas polo Goberno galego

[36548](#)**I 10025 (11/POC-001860)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre se considera o Goberno galego que debe reunirse co sector das atraccións de feira para coñecer as súas achegas, tendo en conta o seu coñecemento, ante a necesidade de tomar medidas restritivas para facer fronte á covid-19

[36551](#)**I 10029 (11/POC-001861)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a valoración polo Goberno galego en relación coa situación e protección das zonas húmidas galegas

[36553](#)**I 10038 (11/POC-001862)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda da paralización do proxecto de nova construción do tendido eléctrico que atravesará a zona sur do concello de Arteixo

[36558](#)**I 10049 (11/POC-001864)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 3 máis**

Sobre a covid-19 e os seus efectos no sector do deporte

[36561](#)**I 10059 (11/POC-001865)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda de axudas ao mantemento das estruturas no sector das artes escénicas

[36564](#)**I 10064 (11/POC-001866)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a necesidade de reformular o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025

[36568](#)**I 10070 (11/POC-001867)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 3 máis**

Sobre a presentación polo Goberno galego dalgún proxecto industrial tractor para os concellos das Pontes de García Rodríguez e de Cerceda

[36571](#)

**I 10073 (11/POC-001868)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coas bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9

[36574](#)

**I 10082 (11/POC-001869)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a xestión da pandemia nas residencias do grupo DomusVi e a vacinación da conselleira delegada

[36576](#)

**I 10083 (11/POC-001870)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre o plan de ensino virtual da Xunta de Galicia na terceira onda da pandemia

[36579](#)

**I 10088 (11/POC-001871)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a dotación de máscaras FFP2 no ensino público galego

[36582](#)

**I 10101 (11/POC-001872)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para evitar a progresiva deterioración do ecosistema constituído pola lagoa e Praia de Baldaio

[36585](#)

**I 10102 (11/POC-001873)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a actuación do Goberno da Xunta, a través de Portos de Galicia, para levar a cabo un acondicionamento do paseo marítimo de Raxó que garanta a seguridade viaria dos viandantes e os vehículos que discorren por esta calzada

[36587](#)

**I 10107 (11/POC-001874)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da perda de calquera vestixio de galegitude da antiga empresa coruñesa Fenosa e a perda de postos de traballo asociada a ela

[36589](#)

**I 10108 (11/POC-001875)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da perda de calquera vestixio de galegitude da antiga empresa coruñesa Fenosa e a perda de postos de traballo asociada a ela

[36591](#)



**I 10114 (11/POC-001876)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a xestión dos cribados no concello de Tomiño

[36593](#)**I 9556 (11/POC-001764)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a difusión da creación cultural galega nos medios de comunicación públicos, especialmente na Radio Galega Música

[36596](#)**I 9591 (11/POC-001774)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre a cobertura informativa dada pola CRTVG á vacinación da alcaldesa de Boimorto contra a covid-19

[36599](#)**I 9694 (11/POC-001811)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura**

Sobre o uso pola TVG dos testemuños ofrecidos con fins informativos por varias persoas para encher contidos de programas de humor

[36602](#)**I 9699 (11/POC-001813)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura**Sobre a situación na que se atopa a dobraxe en galego da serie *3 Caminos*, ideada para promocionar o Camiño de Santiago no Ano Xacobeo 2021, e as razóns que hai para demorar ata o verán a súa emisión en galego pola CRTVG[36604](#)**I 9727 (11/POC-001818)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura**

Sobre as previsións da CRTVG referidas á realización dalgún cambio tecnolóxico para solucionar os problemas ocasionados ao persoal e as deficiencias detectadas na calidade das retransmisións, en especial das deportivas, a consecuencia da implantación do actual modelo tecnolóxico

[36606](#)**Admisión da retirada e publicación do acordo****I 8603 (11/POC-001589)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para autorizar as actuacións que se están a executar no castro de Toiriz, no concello de Silleda, dentro do proxecto de restauración e musealización dos xacementos galaico-romanos de Pontevedra, así como as súas previsións respecto da paralización e reformulación deste proxecto

[36467](#)



## 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### 1.5.4. De ámbito europeo

#### 1.5.4.1. Unión Europea

**Resolución da Presidencia, do 4 de febreiro de 2021, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 2014/41/UE no que respecta a o seu aliñamento coas normas da UE sobre protección de datos persoais [COM(2021) 21 final] [2021/0009 ( COD)]**

-11/UECS-000057 (10000) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 2014/41/UE no que respecta a o seu aliñamento coas normas da UE sobre protección de datos persoais [COM(2021) 21 final] [2021/0009 ( COD)] [36608](#)

**Resolución da Presidencia, do 4 de febreiro de 2021, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo ás estatísticas sobre insumos e produción agrícola e polo que se derogan os Regulamentos (CE) n.º 1165/2008, (CE) n.º 543/2009 e (CE) n.º 1185/2009 e a Directiva 96/16/CE do Consello (Texto pertinente a efectos do EEE) [ COM(2021) 37 final] [ COM(2021) 37 final anexo] [2021/0020 ( COD)]**

-11/UECS-000058 (10001) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo ás estatísticas sobre insumos e produción agrícola e polo que se derogan os Regulamentos (CE) n.º 1165/2008, (CE) n.º 543/2009 e (CE) n.º 1185/2009 e a Directiva 96/16/CE do Consello (Texto pertinente a efectos do EEE) [ COM(2021) 37 final] [ COM(2021) 37 final anexo] [2021/0020 ( COD)] [36618](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 9 de febreiro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

#### Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 9790 (11/POC-001830)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre o importe total das axudas concedidas no marco do I Plan de rescate para persoas traballadoras autónomas, microempresas e hostalaría e o numero de axudas que se concederon

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 9811 (11/POC-001831)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á súa colaboración na rehabilitación e posta en valor do peirao da Covasa, na parroquia de Aguiño, no concello de Ribeira, a situación a que se atopa a súa catalogación pola Xunta de Galicia e a realización dalgunha investigación histórica ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 9819 (11/POC-001832)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a publicación no Portal da transparencia e Goberno aberto dos informes aos que se refire o artigo 19 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 9825 (11/POC-001833)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da modificación da Lei Orgánica 2/1986, de Forzas e Corpos de Seguridade, co fin de exercer de xeito exclusivo as súas competencias en materia de pesca, así como do impulso e reforzo dos medios do Servizo de Gardacostas de Galicia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 9830 (11/POC-001834)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis



Sobre o orzamento destinado pola Consellería de Emprego e Igualdade á convocatoria para o ano 2021, no ámbito da colaboración coas entidades locais, das subvencións dirixidas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, así como o número de concellos e de mulleres que se van poder beneficiar desas axudas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 9835 (11/POC-001835)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o avance que presenta o proxecto de creación do hub galego da industria audiovisual financiado cos fondos europeos REAT-UE, así como o horizonte temporal que está a valorar o Goberno galego para a súa constitución

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 9837 (11/POC-001836)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o orzamento destinado á convocatoria, para o ano 2021, das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por ese tipo de violencia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 9839 (11/POC-001837)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o orzamento destinado á convocatoria para o ano 2021, das axudas económicas individuais de carácter periódico, de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero, así como ás axudas económicas de pago único destinadas ás vítimas que presenten especiais dificultades para obter un emprego que garanta a súa integración social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 9840 (11/POC-001838)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a relación das entidades sociais beneficiarias das axudas concedidas con cargo ao 0,7% do IRPF para promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e loitar contra a violencia de xénero, o tipo de actuacións subvencionadas e a existencia dalgún programa dirixido a colectivos especialmente vulnerables

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 9845 (11/POC-001839)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto servizo de transporte escolar que se está a prestar ás crianzas de Galicia, o estudo doutras alternativas para o seu funcionamento e as súas propostas para evitar os problemas ocasionados aos escolares e as súas familias

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 9860 (11/POC-001841)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a consideración pola Consellería de Sanidade da planificación, organización e execución de cribados poboacionais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 9864 (11/POC-001842)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego para a dotación de máis recursos materiais e humanos ao servizo do 061 da comarca do Morrazo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 9870 (11/POC-001843)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o nomeamento do posto de dirección e o impulso ao proxecto do Centro Galego das Artes da Imaxe

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 9877 (11/POC-001844)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas tomadas pola Consellaría do Medio Rural tendentes á erradicación e control da praga da couza guatemalteca da pataca

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 9885 (11/POC-001845)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o traslado de persoas maiores afectadas pola covid-19 á residencia privada Os Gozos, da Fundación San Rosendo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 9887 (11/POC-001846)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre os proxectos que está levando a cabo a Xunta de Galicia para optar aos fondos europeos Next Generation

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 9891 (11/POC-001847)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 7 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co proxecto de ampliación do polígono industrial do Corgo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 9894 (11/POC-001848)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre o recoñecemento oficial do dereito das seleccións deportivas galegas a competir internacionalmente

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 9929 (11/POC-001849)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia dos recortes no servizo de limpeza do campus da Universidade de Vigo en Ourense e as repercusións sanitarias e de seguridade laboral

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 9971 (11/POC-001850)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015 2020, coñecido como Plan RehaVIta

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 9979 (11/POC-001851)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis

Sobre as principais medidas que se inclúen no Pacto social pola vivenda 2021-2025

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 9980 (11/POC-001852)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, en coordinación cos diferentes colexios de avogados do territorio, dun protocolo de saúde e prevención de riscos laborais para que os letrados e as letradas da quenda de oficio poidan prestar a súa función en condicións seguras para a saúde

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 9983 (11/POC-001853)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da posta en marcha da figura das áreas Rexurbe e cales son as previsións de futuro

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 9989 (11/POC-001854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a previsión pola Xunta de Galicia de convocar con urxencia, no mes de febreiro, unha reunión da comisión mixta co fin de establecer unha instrución que regule as actuacións que se deben levar a cabo nas sedes xudiciais ante esta terceira onda da pandemia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 9991 (11/POC-001855)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis

Sobre os próximos pasos previstos pola Xunta de Galicia para o cumprimento dos convenios en materia de infraestruturas sanitarias na área de Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 10006 (11/POC-001857)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para o cumprimento das garantías de atención sanitaria ás persoas xordas a través da dotación de servizos de interpretación de lingua de signos por parte do Sergas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 10013 (11/POC-001858)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o volume de camas UCI que existe na actualidade en Galicia dispostas para funcionar de inmediato tendo en conta os profesionais sanitarios e as profesionais sanitarias existentes e a distribución física por áreas sanitarias

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 10019 (11/POC-001859)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do traballo desenvolto polas forzas e corpos de seguridade a prol da seguridade de todos os galegos e galegas en cumprimento das normas sanitarias establecidas polo Goberno galego

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 10025 (11/POC-001860)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre se considera o Goberno galego que debe reunirse co sector das atraccións de feira para coñecer as súas achegas, tendo en conta o seu coñecemento, ante a necesidade de tomar medidas restritivas para facer fronte á covid-19

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 10029 (11/POC-001861)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego en relación coa situación e protección das zonas húmidas galegas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 10038 (11/POC-001862)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda da paralización do proxecto de nova construción do tendido eléctrico que atravesaba a zona sur do concello de Arteixo

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 10049 (11/POC-001864)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre a covid-19 e os seus efectos no sector do deporte

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 10059 (11/POC-001865)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de axudas ao mantemento das estruturas no sector das artes escénicas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 10064 (11/POC-001866)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a necesidade de reformular o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 10070 (11/POC-001867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 3 máis

Sobre a presentación polo Goberno galego dalgún proxecto industrial tractor para os concellos das Pontes de García Rodríguez e de Cerceda

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 10073 (11/POC-001868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coas bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 10082 (11/POC-001869)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a xestión da pandemia nas residencias do grupo DomusVi e a vacinación da conselleira delegada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 10083 (11/POC-001870)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre o plan de ensino virtual da Xunta de Galicia na terceira onda da pandemia

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 10088 (11/POC-001871)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Queixas Zas, Mercedes  
Sobre a dotación de máscaras FFP2 no ensino público galego  
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 10101 (11/POC-001872)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma  
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para evitar a progresiva deterioración do ecosistema constituído pola lagoa e Praia de Baldaio  
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 10102 (11/POC-001873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Castro Rey, Paloma e 2 máis  
Sobre a actuación do Goberno da Xunta, a través de Portos de Galicia, para levar a cabo un acondicionamento do paseo marítimo de Raxó que garanta a seguridade viaria dos viandantes e os vehículos que discorren por esta calzada  
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 10107 (11/POC-001874)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis  
Sobre a valoración polo Goberno galego da perda de calquera vestixio de galegidade da antiga empresa coruñesa Fenosa e a perda de postos de traballo asociada a ela  
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 10108 (11/POC-001875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis  
Sobre a valoración polo Goberno galego da perda de calquera vestixio de galegidade da antiga empresa coruñesa Fenosa e a perda de postos de traballo asociada a ela  
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 10114 (11/POC-001876)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Prado Cores, María Montserrat  
Sobre a xestión dos cribados no concello de Tomiño  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 9556 (11/POC-001764)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis  
Sobre a difusión da creación cultural galega nos medios de comunicación públicos, especialmente na Radio Galega Música  
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG





- 9591 (11/POC-001774)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a cobertura informativa dada pola CRTVG á vacinación da alcaldesa de Boimorto contra a covid-19

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 9694 (11/POC-001811)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura

Sobre o uso pola TVG dos testemuños ofrecidos con fins informativos por varias persoas para encher contidos de programas de humor

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 9699 (11/POC-001813)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura

Sobre a situación na que se atopa a dobraxe en galego da serie 3 *Caminos*, ideada para promocionar o Camiño de Santiago no Ano Xacobeo 2021, e as razóns que hai para demorar ata o verán a súa emisión en galego pola CRTVG

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 9727 (11/POC-001818)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura

Sobre as previsións da CRTVG referidas á realización dalgún cambio tecnolóxico para solucionar os problemas ocasionados ao persoal e as deficiencias detectadas na calidade das retransmisións, en especial das deportivas, a consecuencia da implantación do actual modelo tecnolóxico

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

### **Admisión da retirada e publicación do acordo**

- 8603 (11/POC-001589)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para autorizar as actuacións que se están a executar no castro de Toiriz, no concello de Silleda, dentro do proxecto de restauración e musealización dos xacementos galaico-romanos de Pontevedra, así como as súas previsións respecto da paralización e reformulación deste proxecto

BOPG nº 85, do 29.01.2021

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 10328.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



## 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### 1.5.4. De ámbito europeo

#### 1.5.4.1. Unión Europea

**Resolución da Presidencia, do 4 de febreiro de 2021, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 2014/41/UE no que respecta a o seu aliñamento coas normas da UE sobre protección de datos persoais [COM(2021) 21 final] [2021/0009 ( COD)]**

-11/UECS-000057 (10000) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 2014/41/UE no que respecta a o seu aliñamento coas normas da UE sobre protección de datos persoais [COM(2021) 21 final] [2021/0009 ( COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 10000, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para la Unión Europea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 2014/41/UE no que respecta a o seu aliñamento coas normas da UE sobre protección de datos persoais [COM(2021) 21 final] [2021/0009 ( COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resollo:

1.º) Trasladarlles o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2.º) Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3.º) Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



**Resolución da Presidencia, do 4 de febreiro de 2021, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo ás estatísticas sobre insumos e produción agrícola e polo que se derogan os Regulamentos (CE) n.º 1165/2008, (CE) n.º 543/2009 e (CE) n.º 1185/2009 e a Directiva 96/16/CE do Consello (Texto pertinente a efectos do EEE) [ COM(2021) 37 final] [ COM(2021) 37 final anexo] [2021/0020 ( COD)]**

-11/UECS-000058 (10001) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo ás estatísticas sobre insumos e produción agrícola e polo que se derogan os Regulamentos (CE) n.º 1165/2008, (CE) n.º 543/2009 e (CE) n.º 1185/2009 e a Directiva 96/16/CE do Consello (Texto pertinente a efectos do EEE) [ COM(2021) 37 final] [ COM(2021) 37 final anexo] [2021/0020 ( COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 10001, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para la Unión Europea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo ás estatísticas sobre insumos e produción agrícola e polo que se derogan os Regulamentos (CE) n.º 1165/2008, (CE) n.º 543/2009 e (CE) n.º 1185/2009 e a Directiva 96/16/CE do Consello (Texto pertinente a efectos do EEE) [ COM(2021) 37 final] [ COM(2021) 37 final anexo] [2021/0020 ( COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1.º Trasladarlles o referido escrito á Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2.º Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3.º Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Á Mesa do Parlamento,

**José Manuel Balseiro Orol, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Elena Suárez Sarmiento**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O tecido empresarial de Galicia está composto, na súa maioría, por microempresas e por persoas traballadoras autónomas, que son as principais protagonistas da creación de emprego na nosa Comunidade.

Sen embargo, a situación xerada pola aparición no escenario mundial da covid-19 obrigou a moitas persoas traballadoras autónomas e a microempresas a adaptarse a unha nova e complexa realidade, e nos peores casos, a cesar na súa actividade.

Consciente desta situación, a Xunta de Galicia puxo en marcha o Plan de rescate para persoas traballadoras autónomas, microempresas e a hostalaría co fin de apoiar aos sectores que máis están a padecer os efectos da pandemia e contribuír ao mantemento de postos de traballo e de negocios que constitúen unha parte esencial do tecido produtivo e da economía de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- A canto ascende o montante das axudas concedidas no marco do I Plan de rescate de autónomos, microempresas e hostalaría e cal é número de axudas concedidas?
- 2.- Que novidades traerá consigo o II Plan de rescate?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2021



**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 03/02/2021 15:02:18**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/02/2021 15:02:33**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2021 15:02:47**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 03/02/2021 15:03:05**

**José Alberto Pazos Couñago na data 03/02/2021 15:03:15**

**Noelia Pérez López na data 03/02/2021 15:03:29**

**María Corina Porro Martínez na data 03/02/2021 15:03:50**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**María Elena Suárez Sarmiento na data 03/02/2021 15:04:04**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A salvagarda do patrimonio cultural galego debería ser un dos principais cometidos do departamento de Cultura da Xunta de Galicia, ao que en virtude da Lei 5/2016 lle corresponde fomentar medidas e actuacións dirixidas a garantir a súa protección e, de ser o caso, colaborar con outras administracións para fortalecer e mellorar a súa vixilancia e seguridade.

Boa parte do patrimonio cultural de Galicia está en estado de abandono correndo serio risco de desaparición, ben por desleixo dos seus propietarios ou responsables (particulares ou administracións) ou ben por accións inapropiadas de rehabilitación ou conservación.

Estas accións inapropiadas ou este deterioro motivado polo abandono non se deberían producir, e aínda que somos conscientes da imposibilidade de facer un seguimento rigoroso de todo o noso patrimonio, hai determinados casos que pola súa transcendencia son ben coñecidos e non se entende certa pasividade da Administración autonómica.

É o caso do peirao ciclópeo da Covasa, na parroquia de Aguiño (Ribeira), coñecido tamén como ‘peirao fenicio’, e cuxas orixes non son certas. Trátase dun espigón de cerca de 70 metros de pedras ciclópeas dispostas en fila e en varias alturas cuns chanzos tallados en grandes pezas de granito a modo de acceso desde terra aos barcos e mercadorías. Algúns investigadores aseguran que a súa orixe é fenicia, mentres outros sosteñen que se construíu entre finais do século XVIII e mediados do XIX para unha industria catalá da conserva.

En todo caso, trátase dun patrimonio único que hoxe presenta un grave estado de deterioro que avanza no tempo debido aos efectos dos golpes de mar e á entrada da marea polo punto cardinal sur que causan o descalce dos bloques de pedra que conforman o peirao, xa que durante a explotación da canteira anexa nos anos 40-50 voaron con explosivos unhas pedras que o defendían por ese punto concreto.

O Concello encargou un proxecto, ao noso entender incompleto (falta unha parte do espigón lateral), para a súa rehabilitación ao que se presentaron alegacións que de momento teñen paralizada a obra. Para a realización dese proxecto a



Administración local contou coa autorización de Costas e entendemos que tamén coa da Dirección Xeral de Patrimonio.

O importante agora é que todas as administracións implicadas colaboren para evitar un maior deterioro do peirao, así como na súa rehabilitación e posta en valor nunha contorna que ten ademais restos dunha zona de prensado de salazón.

Esa colaboración pasaría en primeiro lugar, e antes de calquera intervención de restauración, por unha obrigada investigación histórica que poña fin ás incertezas acerca das orixes deste ben, que podería ser un dos peiraos máis antigos de Galicia, e por un estudo xurídico-técnico da súa situación.

A Covasa é, dende logo, un dos enclaves patrimoniais máis antigos da zona e un lugar de especial importancia para comprender a historia dos portos galegos, de aí a relevancia da súa conservación.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Pensa o Goberno galego colaborar na rehabilitación e posta en valor do peirao da Covasa?
- 2ª) Está catalogado pola Xunta de Galicia o peirao da Covasa?
- 3ª) Dispón o Goberno galego dunha investigación histórica sobre o peirao?
- 4ª) Considera necesaria a Xunta de Galicia a posta en valor do peirao ciclópeo de Ribeira, así como da súa contorna?
- 5ª) Interesouse o Goberno galego, algunha vez, polo valor e o estado do peirao da Covasa?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 03/02/2021 13:25:23**

